

## ANUNCIO

Unha vez realizada a última proba do procedemento selectivo para cubrir cinco prazas de axentes de emerxencias e protección civil, de acordo co disposto nas bases da convocatoria, o órgano de selección fai públicos os seguintes acordos:

1.- Outorgar as seguintes puntuacións, que figuran xunto coas restantes do procedemento por orde descendente de puntuación total:

Apelidos e nome		Concurso	1ª proba	2ª proba	3ª proba	4ª proba	Proba final	TOTAL
LOPEZ CAAMAÑO, PEDRO SANTIAGO	****7480D	10,94	Apto	19,6	19,00	Exento	4,00	53,54
NOVO RODRIGUEZ, JOSE	****3629P	14,42	Apto	19,2	16,45	Exento	3,00	53,07
PUENTE GRELA, XOSE	****4505F	15,00	Apto	18,4	16,30	Exento	3,00	52,70
TRILLO POUSA, ESTEBAN	****5701F	14,77	Apto	15,73	14,70	Exento	3,00	48,20
ROBLES GARCIA, ADALBERTO	****2622X	1,40	Apto	11,2	13,00	Exento	4,00	29,60

2.- Á vista das puntuacións totais, declarar que superaron o procedemento selectivo os aspirantes que figuran na táboa anterior e elevar á alcaldía ou ao órgano delegado a proposta da súa contratación como persoal laboral fixo.

3.- As ditas persoas deberán achegar, dentro do prazo de vinte días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio, a documentación á que se refire o punto oitavo das bases xerais (BOP nº 57, do 23 de marzo de 2018).

4.- De acordo coa base décimo terceira da convocatoria unitaria publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 57, do 23 de marzo de 2019, establecerase unha listaxe de reserva para a cobertura de prazas con carácter interino ou a celebración de contratos laborais con carácter temporal. Así, continúa a base antecitada “poderá acudirse a aqueles procesos selectivos finalizados ao abeiro desta convocatoria, nos que houberse aspirantes que, superando algún dos exercicios, non obtivesen praza, debendo optarse polas persoas opositoras que superasen maior número de exercicios e que acumulen mellor puntuación. Non obstante, cando se trate da prestación dun servizo que requira unha experiencia ou unhas aptitudes específicas poderase efectuar unha preselección entre as persoas aspirantes que reúnan os requisitos anteriores”.

Este acto administrativo non pon fin á vía administrativa, e poderá ser recorrido en alzada perante al Alcaldía do Concello de Oleiros, o recurso deberá interpoñerse no prazo de un mes contado dende a notificación ou publicación da adopción deste acordo. Todo iso de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 31/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Sen prexuízo de que os interesados interpoñan aqueloutros que consideren pertinentes.

Para os efectos oportunos e público coñecemento.

Asinado electronicamente polo secretario do órgano de selección na data que figura ao marxe.



